



Concello de Cerdido (A Coruña)

As Felgosas, A Barqueira, 15569 Cerdido
Tfno.: 9814 110 00 Fax: 981 411 027
www.cerdido.es correo@cerdido.es

ACTA DA SESIÓN CONSITUTIVA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DIA TRECE DE XUÑO DE DOUS MIL QUINCE

No salón de plenos do concello de Cerdido, ás doce horas da mañá do día trece de xuño dous mil quince, reúnese en primeira convocatoria os membros elixidos nas eleccións locais celebradas o día vinte e catro de maio do ano dous mil quince que se citan a continuación: Benigno Galego Castro, Rocío Martínez Matinez ,Cándido Eusebio Prieto Lago, Marina Tojeiro Martínez , David Prada Aneiros , Ana Rodríguez Montero , Pablo Casas Cibreiro , Juan José Ramos Prieto e José Esmoris Aldao .

1.- FORMACIÓN DA MESA DE IDADE . En cumprimento do disposto no artigo 195 da Lei Orgánica do Réxime Electoral, procedese á formación da mesa de idade integrada polos elixidos de maior e menor idade presentes no acto, quedando constituída por Rocío Martínez Martínez , concelleira asistente de menor idade, Ana Rodríguez Montero , concelleira de maior idade, que preside a mesa e como secretaria Paula Díaz Tie , secretaria do concello. Deseguido, procedese a revisión das credenciais presentadas, comprobándose que se presentaron nove credencias dos concelleiros presentes neste acto, polo que a mesa de idade declara constituída a corporación

2.- PROMESA OU XURAMENTO DOS CONCELLEIROS . TOMA DE POSESIÓN. En cumprimento do disposto no artigo 108.8 da Lei Orgánica de Réxime Electoral, os concelleiros electos proceden a a prestar xuramento ou promesa dos seus cargos, na forma establecida no Real Decreto 707/1979 do 5 de abril, declarando a Presidenta da mesa de idade constituída a Corporación .

3.- ELECCIÓN DE ALCALDE OU ALCALDESA En cumprimento do disposto no artigo 196 da Lei Orgánica de Réxime electoral e previo acordo por unanimidade dos membros da corporación , procedese a iniciar a votación secreta para a elección de alcalde, introducindo os concelleiros, as papeletas na urna colocada ó efecto, unha vez rematada a votación o escrutinio dos votos arroxou o seguinte resultado: cinco votos a favor de D Benigno Galego Castro , catro votos a favor de Ana Rodríguez Montero , **polo que resulta electo alcalde do Concello de Cerdido , Benigno Galego Castro ó acadar a maioría absoluta dos votos .**

4.- PROMESA OU XURAMENTO DO ALCALDE. En cumprimento do disposto no artigo 108 da Lei Orgánica do Réxime electoral ,Benigno Galego Castro , acepta o cargo e promete cumprir fielmente as obrigas do cargo de alcalde do concello de Cerdido con lealdade ao Rei e de gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado .

Acto seguido dáse a palabra a representante do Partido Popular, tomada a palabra Ana Rodríguez Montero , que manifesta que quere felicitar ao novo alcalde e espera que as promesas electorais non sexan só promesas e que se cumpran polo ben do Concello .

Acto seguido toma a palabra o Alcalde que despois de darlle a benvida aos novos concelleiros e agradecer a confianza as persoas que confiaron en él manifesta que é consciente da responsabilidade do cargo así como o orgullo de ser representantes dos veciños e veciñas do Concello , encaro esta nova etapa con moita ganas de traballar , coa intención e confianza de mellora o presente e futuro de Cerdido , son o primeiro alcalde socialista e isto é un plus de maior compromiso e responsabilidade , gobernarei para todos e todas con humildade sen discriminar sen excluír sen rencor e sen animo de revancha , sei , por experiencia a importancia da labor de oposición , por iso animo os concelleiros que lles toca desempeñar ese función a que a collan con moita forza , ilusión e cariño , un bo control sobre o goberno repercute positivamente sobre os veciños , e desexa contar coa vosa colaboración e experiencia , pola miña parte as portas do Concello están abertas para dialogar , consensuar e resolver calquera problema que poida haber .

E , non habendo mais asuntos na orde do día , a presidencia deu por rematada a sesión sendo as doce horas e doce minutos do día trece de xuño de dous mil quince. **Do que eu como secretaria , dou fe:**

O Alcalde

A Secretaria

Benigno Galego Castro

Paula Díaz Tie